

COMUNICADO DE PRENSA

... Día Mundial da Conservación do Solo – 7 de xullo de 2008 ...

Os biólogos lembran que existen 2.000 millóns de hectáreas de solo degradadas polas actividades do home e cada ano se degradan 20 millóns máis

Destacan que o conflito xerado pola expansión dos cultivos orientados á produción de biocombustibles é só unha mostra das presións ás que están sometidos os recursos do solo por parte de todos os sectores económicos

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2008 (Vía Láctea Comunicación).- O vindeiro luns, 7 de xullo, conmemórase o Día Mundial da Conservación do Solo. Con motivo desta celebración, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** quere manifestar a súa gran preocupación polas presións a que están sometidos os recursos do solo por parte de todos os sectores económicos.

Dende o Colexio de Biólogos explican que “o solo é a fina capa, dun espesor entre uns poucos decímetros e uns poucos metros, que recobre de forma discontinua a superficie dos continentes”. Os expertos sinalan que, a pesar do seu escaso espesor, en comparación con outras capas da litosfera terrestre, desempeña múltiples funcións ecolóxicas. Entre outros aspectos, é fonte de nutrientes para os organismos que viven nel, é un potente reactor que intervén nun elevado número de ciclos bioquímicos, cumpre funcións de filtro de contaminantes, é un reservorio de gases de efecto invernadoiro e un reservorio de biodiversidade. Sen embargo, os biólogos manifestan que estas funcións se ven afectadas pola actividade humana.

A degradación do solo debida á acción do home remóntase aos orixes e expansión da agricultura, hai uns 13.000 anos. Esta degradación sufriu fases aceleradas en diversos períodos culturais, tanto prehistóricos como históricos, en ocasións intensificada pola súa coincidencia con cambios climáticos. Segundo a ONU, hoxe existen uns 2.000 millóns de hectáreas de solo degradadas como consecuencia das actividades do home e cada ano se degradan 20 millóns máis, ata o punto de quedaren seriamente afectadas dende o punto de vista produtivo e ecolóxico.

Segundo os biólogos, os problemas máis importantes que afectan ao solo débense á súa perda irreversible como consecuencia da erosión, selado (ocupación de terreos por infraestruturas), contaminación local e difusa (por fosfatos, nitratos, metais pesados ou contaminantes orgánicos como certos pesticidas), esgotamento dos nutrientes, perda de materia orgánica, compactación, salinización e acidificación.

O problema da desertificación

Ademais da degradación de solos, estes procesos levan tamén asociados impactos sobre outros compartimentos terrestres como a atmosfera (balance de gases de efecto invernadoiro) ou as augas (transferencia de contaminantes, eutrofización) e, en conxunto, favorecen a desertificación.

Tal como recoñece a Axencia Europea de Medio Ambiente, o alcance real do problema en Europa non se coñece con exactitude debido á limitada dispoñibilidade de información, en particular para os países do centro e o leste de Europa. Sen embargo, dende o Colexio de Biólogos manifestan que “todas as evidencias apuntan a que os recursos vinculados ao solo están sometidos na actualidade a unha gran cantidade de presións por parte de todos os sectores económicos”.

Os biólogos destacan que a capacidade de recuperación do solo pode verse mermada por cambios globais, como o caso do cambio climático

Dende o COBGA salientan que “o conflito recente xerado pola expansión dos cultivos orientados ao desenvolvemento de biocombustibles e a súa repercusión na produción de alimentos básicos é un exemplo notable da complexa rede de presións sobre os recursos do solo e as súas graves consecuencias”.

Os biólogos destacan que a esta situación cómpre engadir o feito de que o solo ten unha taxa de formación/rexeneración da orde de séculos a milenios, e que a súa capacidade de recuperación pode verse mermada por cambios globais, como o caso do cambio climático. “Por esta razón urxe adoptar medidas axeitadas e rápidas para a protección e conservación deste recurso vital, que, a escala da vida humana, é un recurso non renovable” -declaran dende o Colexio de Biólogos-. Segundo informan dende o COBGA, este feito ten sido recoñecido pola Unión Europea, tal como recolle o comunicado da Comisión de setembro de 2006, no que se fai pública a estratexia para a protección dos solos de Europa.

Con motivo da celebración do Día Mundial de la Conservación do Solo, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia únese á chamada á acción feita pola Comisión da Unión Europea. Nesta liña, **o colectivo considera urxente “o desenvolvemento de políticas coherentes para a protección do solo e das súas funcións ecolóxicas”**.